

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN VIGUESA DE ALCOHOLOXÍA "ASVIDAL", PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUBSTANCIAS E TRASTORNOS ADICTIVOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o 04.03.2025 coa Asociación Viguesa de Alcohología "ASVIDAL" o convenio arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto colaborar no desenvolvemento, por parte da Asociación Viguesa de Alcohología "ASVIDAL", de programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e a atención desde un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos relacionados co alcohol, tabaco, xogo e outros trastornos adictivos, atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde. No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

Asemade ao abeiro deste convenio realizarase un programa de prevención de recaídas, destinado a persoas previamente estabilizadas.

A prestación sanitaria axustarase ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia no tocante á atención especializada e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

No desenvolvemento da súa actividade colaborarase cos servizos de saúde na atención integral e coordinada destes pacientes especialmente no tocante a patoloxías de elevada comorbilidade como as enfermidades transmisibles e a enfermidade mental.

As persoas usuarias contarán cun programa de tratamento actualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos profesionais implicados no tratamento destes pacientes, o equipo asistencial colaborará no desenvolvemento e deseño do Plan Anual de Formación previsto no Plan de Trastornos Adictivos da Comunidade Autónoma.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia e o Plan de Saúde Mental de Galicia pos COVID19 período 2020-2024 supoñen o marco normativo de desenvolvemento da asistencia en saúde mental en Galicia.

Tal e como se recolle no citado decreto, o desenvolvemento dos dispositivos de saúde mental do Servizo Galego de Saúde precisa complementarse en áreas específicas para dar unha resposta máis completa as ditas necesidades asistenciais e, en concreto, no ámbito da atención aos problemas relacionados co alcol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia.

De acordo e coa aprobación do Ministerio de Sanidade, a Comunidade Autónoma de Galicia está a desenvolver un proxecto denominado "*Plan Atención aos Trastornos Adictivos de Galicia*" que prevé no seu desenvolvemento articular convenios de colaboración co terceiro sector para diminuír a prevalencia dos trastornos adictivos e favorecer a súa prevención. Dito proxecto enmarcase no denominado "*Plan de Acción de Salud Mental 2022-2024*" do Ministerio de Sanidade, que na Liña 6 (Prevención de condutas adictivas con e sen substancia) ten coma obxectivo xeral diminuír a incidencia das adiccións sen substancia e do alcoholismo na Comunidade Autónoma, implantando programas de prevención de recaídas en alcoholismo e adiccións sen substancias no marco do desenvolvemento do novo plan de trastornos adictivos na nosa Comunidade.

Existen asociacións sen ánimo de lucro que están a desenvolver un acreditado traballo de calidade a tódolos niveis (preventivo, asistencial e rehabilitador) , acorde ao catálogo de programas do plan de Galicia sobre drogas, e cumpren coa normativa específica para realizalo en centros sanitarios autorizados (Orde de 7 de xullo de 1988, sobre autorización de unidades, centros e establecementos sanitario-asistenciais de tratamento das drogodependencias).

A Asociación Viguesa de Alcohología "ASVIDAL" constituíuse no ano 1983, e, segundo os seus estatutos, ten como finalidade a asistencia sanitaria e social a persoas con trastornos adictivos, especialmente os relacionados co alcol.

Os profesionais da Unidade Asistencial de ASVIDAL (UTA) para o tratamento do alcoholismo, ludopatías, tabaquismo e outras adiccións sen substancia teñen acumulada a experiencia de desenvolvemento deste tipo de programas na Provincia de Pontevedra, cunha abordaxe interdisciplinar e un modelo biopsicosocial.



Memoria descritiva das actividades e programas a realizar ao abeiro do convenio.

PROGRAMAS ASISTENCIAIS:

Programa de avaliación e atención médica:

- Subprograma de avaliación xeral.
- Subprograma de desintoxicación.
- Subprograma de patoloxía dual.
- Subprograma de apoio farmacolóxico a deshabitación.
- Subprograma de tratamento supervisado de Disulfiran (TSD).

Programa de avaliación e tratamento psicolóxico.

- Subprograma de avaliación.
- Subprograma de deshabitación.
- Subprograma de bebida controlada.
- Subprograma de patoloxía dual.
- Subprograma de Intervención familiar

Programa de avaliación e intervención social.

- Subprograma de avaliación xeral.
- Subprograma de Emerxencia social.
- Subprograma de prestacións básicas.
- Subprograma de incorporación socio-laboral- Subprograma de continuidade de cuidados.
- Subprograma de visita domiciliaria.

Programa de abordaxe terapéutico da ludopatía e novas tecnoloxías (TICS)

- Programa de abordaxe o tabaquismo.
- Programa de interconsulta alcoholóxica.
- Programa de Prevención de Recaídas en pacientes a tratamento ambulatorio de alcoholismo e outras adicións sen sustancia.

Esta asociación é a única que presta este servizo na súa área de influencia cumprindo todos os requisitos esixidos polo Servizo Galego de Saúde, e considérase urxente e de inaprazable necesidade o establecemento dun convenio de colaboración que permita continuar coa prestación desta asistencia as persoas afectadas por estas problemáticas.

Número estimado de persoas beneficiarias directas para o ano 2025: 1700

Por todo o exposto, formalizouse un convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Viguesa de Alcoholoxía "ASVIDAL", por un importe de douscentos cincuenta e seis mil catrocentos corenta e tres euros (256.443,00 €), de fondos propios libres,



con cargo a aplicación orzamentaria 5001.413A.481.25, co código de proxecto 2022 00002, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

